
PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

ACTUALIZACIÓN 2024-25



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



I.E.S. Terra de Soneira

Miguel Rodríguez Sánchez, Director do IES Terra de Soneira, certifica que o presente documento foi aprobado en Claustro ordinario celebrado o 30/06/2025

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO	6
2.1 ANÁLISE DE DATOS DA ENQUISA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DA MOSTRA.	7
2.2 PERFIL DOS ENQUISADOS E ENQUISADAS	7
2.3 USO E DOMINIO DO GALEGO	9
2.4 PERCEPCIÓN DO USO DO GALEGO NO CENTRO EDUCATIVO	11
2.5 A AMBIENTABILIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO	12
3. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN	14
4. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR	16
5. MEDIDAS DE REFORZO PARA ALUMNOS QUE PRESENTEN UN INSUFICIENTE DOMINIO DALGUNHA DAS LINGUAS.....	24
5.1 LINGUA GALEGA	24
5.2 LINGUA CASTELÁ	24
5.3 LINGUA INGLESA	25
5.4 LINGUA FRANCESA	26
5.5 LATÍN E GREGO	26
6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	28
7. CRITERIOS PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO	31

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico de Centro (en adiante, PLC) forma parte do Documento nº2 do Proxecto Educativo de Centro (en adiante, PEC). A normativa na que se sustenta é polo tanto a mesma que regula o PEC. No caso do PLC cobra especial relevancia o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia.

O PLC constitúe un instrumento esencial de planificación e coordinación das actuacións lingüísticas dun centro educativo. No contexto da Comunidade Autónoma de Galicia, onde a realidade sociolingüística está marcada pola convivencia de dúas linguas oficiais —o galego e o castelán—, o PLC adquire unha relevancia particular como ferramenta para garantir a presenza e o uso efectivo do galego, ao tempo que se respecta e promove a competencia lingüística plena en ambas as dúas linguas oficiais, así como en linguas estranxeiras.

Este documento recolle as liñas estratéxicas que orientan o tratamento das linguas no noso centro, en coherencia co establecido no Documento nº1 do PEC e en consonancia coa normativa vixente

O PLC persegue, entre outros obxectivos, fomentar o uso normalizado do galego como lingua vehicular e de comunicación, garantir a competencia lingüística do alumnado, promover o respecto pola diversidade lingüística e cultural, e consolidar actitudes positivas cara ao uso do galego en todos os ámbitos da vida escolar.

A elaboración deste proxecto parte dunha análise da realidade sociolingüística do centro e do seu entorno, tendo en conta factores como o uso real das linguas na aula, as actitudes lingüísticas da comunidade educativa, e a presenza do galego e doutras linguas nas diferentes actividades e documentos do centro. A partir desa diagnose, propóñense accións concretas para avanzar cara a unha educación verdadeiramente plurilingüe, inclusiva e respectuosa co patrimonio lingüístico de Galicia.

Este PLC é, por tanto, un documento vivo, suxeito a revisión e mellora continua, que aspira a ser unha guía útil e consensuada para todo o profesorado e a comunidade

educativa na construción dun modelo educativo que contribúa á normalización lingüística e á formación integral do alumnado.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A situación sociolingüística do centro está determinada por un estudo profundo e pormenorizado realizado este curso 2024-25 que determinou a situación real do uso lingüístico no centro. O seu obxectivo era definir o uso do galego e os índices parciais (sobre o contexto sociolingüístico, sobre a situación do profesorado, sobre a situación do alumnado e sobre a ambientalidade lingüística do centro) en relación coa lingua galega. Os datos que do dito estudo se extraen conducen ás seguintes conclusións:

- O contorno sociocultural do centro é, maioritariamente, galegofalante, polo menos no referido ás relacións familiares e coloquiais, e en parte tamén en relacións máis formais . Estase introducindo o uso do castelán entre os cursos máis baixos e tamén entre o alumnado foráneo que a maioría trae como lingua inicial o español de América.
- Entre o profesorado existe un uso destacable do galego; un 56% afirma que aprendeu a falar en galego, un 30% en castelán e un 14% nas dúas linguas. Por outro lado, un 37% emprega só galego diariamente , repartindo un 30% máis galego que castelán e máis castelán que galego. Só un 3% usa só o castelán no centro educativo. Non obstante, os docentes perciben que o idioma que se usa no centro é máis galego ca castelán 81%, fronte ao 19% que só galego. Ao mesmo tempo considera que posúe un dominio bo ou moi bo para empregar o galego na súa actividade docente. É importante destacar a opinión dos nosos docentes en relación coa consideración de que a adquisición de dúas (ou máis linguas) enriquece aos nosos alumnos: a resposta do profesorado é unánime neste senso, o 100% das consultas coinciden en sinalar o enriquecemento desta aprendizaxe. A conclusión á que podemos chegar despois da análise de todos estes datos é que a actitude do profesorado con respecto á lingua galega é positiva en todos os sentidos. Os resultados das preguntas efectuadas na enquisa para o profesorado foron os seguintes:

2.1 ANÁLISE DE DATOS DA ENQUISA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DA MOSTRA


A enquisa foi elaborada no IES Terra de Soneira de Vimianzo, a finais de 2024 sobre un universo de 270 individuos (233 alumnos e alumnas e 27 dos 37 profesores e profesoras activos). Cóntase cunha mostra representativa, cun 100% de representación do alumnado e un 73% da representación do profesorado, que é unha boa pegada para sacar conclusións de uso tal e como vai figurar nos gráficos que se van presentar ao longo do proxecto.


2.2 PERFIL DOS ENQUISADOS E ENQUISADAS


Da totalidade dos enquisados/as vive nun hábitat de vila urbano o 15%, un 85% no rural e con respecto ao lugar de nacemento corresponde cun 88% en Galicia, 5% resto do territorio español e 7% fóra de España. Dos nados fóra do territorio galego procedentes do territorio español o 100% leva máis de dous anos en Galicia e, procedentes do estranxeiro, o 83% leva máis de dous anos en Galicia e o 17% leva menos de dous anos na nosa comunidade.

O lugar de residencia é maioritariamente a contorna do rural (85%) no que se emprega o centro educativo (74%) e o 15% no urbano.

Segundo o país de nacemento daquel alumnado que vén de latinoamérica temos un total de 12 alumnos que se incorporan ao sistema con exención de galego pero aínda que tardan en falar, a comprensión é moi rápida xa que hai unha inmersión total neste sentido.










2.3 USO E DOMINIO DO GALEGO

Unha vez revisados os datos podemos salientar que a maioría dos enquisados/as aprendeu a falar en galego (53%) fronte aos que aprenderon en castelán (10%) , nesta liña tamén están os que usan máis galego ca castelán que sería un (36%) e 1% serían outras linguas. Polo tanto o galego é a lingua habitual de aprendizaxe. Non obstante podemos salientar no gráfico que a lingua dos proxenitores dese tanto por cento que fala castelán é o galego, xa que a enquisa de lingua do fogar, os datos son máis altos de máis galego (62%) fronte ao 5% de máis castelán que galego e 5% máis e o 8% só castelán. Os datos son polo tanto máis beneficiosos cara o galego.




Polo que se refire ao uso do idioma habitual de relación cos amigos, amigas e profesorado usan só galego o 36% e máis galego ca castelán o 49%. É unha minoría a que usa só castelán 5% ou máis castelán ca galego 8%.

A nivel do uso escrito do galego, a maioría do alumnado adecúase á lingua que marca o Plan Lingüístico de Centro. Se a materia é en galego realizan o exame en galego e se a materia é en castelán, nesa lingua. As materias específicas de idiomas impártense na lingua correspondente ou segundo o Plan.



2.4 PERCEPCIÓN DO USO DO GALEGO NO CENTRO EDUCATIVO

No centro educativo o alumnado considera que o centro está bastante galeguizado ou perciben que hai ou só galego (11%) ou máis galego ca castelán (81%). Por outro lado, unha minoría percibe que o idioma do centro é o castelán (1%) ou máis castelán ca galego un 5% e, un 2% outras linguas.





2.5 A AMBIENTABILIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

En canto á lingua utilizada polo centro educativo nas súas actuacións administrativas, tal como se recolle no artigo 3, do Decreto 79/2010, establécese que “ *Na administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente... Nas actuacións de réxime interno, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referente a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común*”.

Por este motivo todos os comunicados escritos dirixidos ao alumnado, aos pais, ao

profesorado (convocatorias de claustro, Comisións de Coordinación Pedagóxica, notas informativas aos pais/nais, boletíns de notas, autorizacións, contestacións a solicitudes...) están redactadas en galego.

O mesmo acontece coa documentación interna propia do centro. PEC, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial, Proxecto Lector, Normas de Organización e Funcionamento, Plan de Convivencia, Programación Xeral Anual, Programacións Didácticas ou actas de reunións (agás a do departamento de Lingua Castelá) .

Todos os rótulos do centro atópanse escritos nesta lingua igual que os carteis nos que se anuncian actividades complementarias ou extraescolares. O mesmo acontece con todas aquelas exposicións e actividades organizadas pola biblioteca do centro.

O galego é utilizado en todos aqueles escritos dirixidos a organismos asentados no ámbito territorial da nosa comunidade, incluídos os que van dirixidos aos medios de comunicación escritos ou as entrevistas realizadas en emisoras radiofónicas.

En canto ao uso da nosa lingua por parte do persoal non docente, todos eles utilizan a lingua galega.

3. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

En consonancia cos resultados da análise da situación sociolingüística do centro e os obxectivos prioritarios que no ámbito lingüístico establece o PEC, establécense, dentro do marco da normativa educativa que regula os aspectos lingüísticos, os obxectivos deste PLC:

- Fomentar o uso normalizado do galego como lingua propia de Galicia promovendo actitudes positivas cara a ela.
- Frear a incipiente perda de alumnado que emprega o galego como lingua habitual no centro.
- Favorecer a coordinación lingüística entre os diferentes departamentos didácticos.
- Promover a conciencia plurilingüe e intercultural, preparando ao alumnado para contextos sociais, académicos e profesionais diversos.
- Reforzar a lectura e a escritura como ferramentas clave para a aprendizaxe en tódalas materias.

As liñas de actuación propostas para a consecución dos obxectivos serán as seguintes:

- Realización periódica dun diagnóstico lingüístico do centro e seguimento da evolución das variables estudadas no mesmo.
- Mellora da coordinación da planificación didáctica en materia lingüística.
- Fomento da lectura a través de programas educativos.
- Uso funcional da lingua galega na vida e comunicacións do centro.
- Formación do profesorado en didáctica das linguas, metodoloxías activas e atención á diversidade lingüística.
- Manter o peso das actividades de dinamización lingüística no plan de actividades extraescolares e complementarias do centro.

As medidas específicas que deberán levarse a cabo para a consecución dos obxectivos descritos deberán ser concretadas nas addendas anuais a este proxecto, haberán de

figurar na Programación Xeral Anual de cada curso académico e ser aprobadas polo Consello Escolar.

4. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

A distribución lingüística do currículo, dentro das marxes que o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia, deberá ser discutida e aprobada na primeira sesión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro na súa primeira sesión de cada curso tendo en conta as preferencias de cada departamento didáctico e o respecto ao equilibrio ao que alude a norma.

No curso 2024-25 a distribución lingüística curricular é a seguinte:

1º ESO		
MATERIAS	HORAS: 32	LINGUA
Bioloxía e Xeoloxía	3	GALEGO
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	3	CASTELÁN
Matemáticas	4	CASTELÁN
Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
Educación Física	2	CASTELÁN
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2	FRANCÉS
Educación Plástica	2	GALEGO
Relixión	1	GALEGO
Lingua galega e Literatura	3	GALEGO
Tecnoloxía e dixitalización	3	CASTELÁN
Libre disposición do centro	2	1 CASTELÁN 1 GALEGO
TUTORÍA	1	GALEGO

Eliminadas 5 horas de Inglés /Francés, o 52% impártese en Galego (14) e o 48% en castelán (13 horas).

2º ESO		
MATERIAS	HORAS: 32	LINGUA
TRONCAIS		
Física e Química	3	CASTELÁN
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	3	CASTELÁN
Matemáticas	5	CASTELÁN
Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
Educación Física	2	CASTELÁN
Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2	FRANCÉS
Música	2	GALEGO
Tecnoloxía e Dixitalización	3	CASTELÁN
Relixión	1	GALEGO
Proxecto Competencial	1	CASTELÁN
Lingua galega e Literatura	3	GALEGO
TUTORÍA	1	GALEGO

Eliminadas 5 horas de Inglés /Francés, dáse en Galego o 48% (13 horas) e o 52% en castelán (14 horas).

3º ESO		
MATERIAS	HORAS: 32	LINGUA
Bioloxía e Xeoloxía	2	GALEGO
Física e Química	2	CASTELÁN
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Lingua Castelá e Literatura	3	CASTELÁN
Matemáticas	4	CASTELÁN
Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3	INGLES
Educación Física	2	CASTELÁN
Música	2	GALEGO
Segunda Lingua estranxeira: Francés	3	FRANCÉS
Educación dixital	3	GALEGO
Cultura financeira	3	GALEGO
Educación Plástica	2	CASTELÁN
Relixión	1	GALEGO
Proxecto Competencial	1	GALEGO
Lingua galega e Literatura	3	GALEGO
TITORÍA	1	GALEGO

Eliminadas 5 horas de Inglés / Francés, dáse en Galego o 52% (14 horas) e o 48% en castelán (13 horas)

4º ESO		
MATERIAS	HORAS: 32	LINGUA
Lingua Castelá e Literatura	3	GALEGO
Lingua Galega e Literatura	3	CASTELÁN
Lingua Estranxeira: Inglés	3	INGLÉS
Xeografía e Historia	3	GALEGO
Educación Física	2	CASTELÁN
Matemáticas A	4	CASTELÁN
Matemáticas B	4	CASTELÁN
Bioloxía e Xeoloxía	3	GALEGO
Música	3	GALEGO
Dixitalización	3	GALEGO
Tecnoloxía	3	CASTELÁN
Física e Química	3	CASTELÁN
Filosofía	3	GALEGO
Intelixencia Artificial para a Sociedade	3	CASTELÁN
2ª Lingua Estranxeira: Francés	3	FRANCÉS
Relixión	1	GALEGO
Titoría	1	GALEGO

Eliminadas 3 horas de Inglés, dáse en Galego o 48% (14 horas) e o 52% en castelán (15 horas). Aqueles alumnos que teñen Francés reciben 3 horas menos en galego xa que a materia coincide nun grupo de optativas que se imparte en galego.

1º BACH			
MATERIAS	HORAS: 32		LINGUA
COMÚNS	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Educación física	3		CASTELÁN
Filosofía	3		GALEGO
1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	3		INGLÉS
Lingua castelá e literatura	3		CASTELÁN
Lingua galega e literatura	3		GALEGO
MATERIAS DE MODALIDADE	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Matemáticas I	4		GALEGO
Matemáticas aplicadas ás CCSS		4	GALEGO
Latín I			GALEGO
Física e Química	4		CASTELÁN
Grego I		4	CASTELÁN
Economía			CASTELÁN
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias ambientais	4		GALEGO
Debuxo técnico I			GALEGO
Historia do mundo contemporáneo		4	GALEGO
Literatura universal			GALEGO
Linguaxe e práctica musical	3		CASTELÁN
Anatomía Aplicada	3		CASTELÁN
2ª ling. estr. Francés	3		FRANCÉS
2ª ling. Estr. Portugués	3		PORTUGUÉS
RELIXIÓN / LIBRE DISP. CENTRO	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Finanzas responsables	1		GALEGO
Relixión	1		GALEGO

En 1º de bacharelato prodúcese unha oferta de materias comúns + materias de modalidade do seguinte xeito:

Eliminando as 3 horas de Inglés, Galego 52% e Castelán 48%. Aqueles alumnos que escolleron como optativa Portugués ou Francés terán 3 horas menos de docencia en Castelán ao coincidir estas materias nun bloque que se imparte en castelán.

2º BACH			
MATERIAS	HORAS: 32		LINGUA
COMÚNS	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Historia da Filosofía	3		GALEGO
Historia de España	3		GALEGO
1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	3		INGLÉS
Lingua castelá e literatura	3		CASTELÁN
Lingua galega e literatura	3		GALEGO
MATERIAS DE MODALIDADE	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Matemáticas II	4		GALEGO
Matemáticas aplicadas ás CCSS II		4	GALEGO
Latín II			GALEGO
Debuxo técnico II	4		CASTELÁN
Bioloxía			CASTELÁN
Grego II		4	CASTELÁN
Empresa			CASTELÁN
Química	4		GALEGO
Física			GALEGO
Historia do Arte		4	GALEGO
Xeografía			GALEGO
Matemáticas aplicadas II (OPT)	4		GALEGO
Psicoloxía	4		CASTELÁN
2ª ling. Estr. Francés	4		FRANCÉS
RELIXIÓN / LIBRE DISP. CENTRO	Ciencia e tecnoloxía	Humanidades e CCSS	
Relixión	1		CASTELAN
Inglés Comunicativo	1		CASTELÁN

En 2º de bacharelato prodúcese unha oferta de materias comúns + materias de modalidade do seguinte xeito:

Eliminando as 3 horas de Inglés, Galego 59% e Castelán 41%. Aqueles alumnos que escolleron como optativa Francés terán 4 horas menos de docencia en Castelán ao coincidir estas materias nun bloque que se imparte en castelán.

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Módulo profesional	Horas	Curso	Lingua en que se imparte
MP0179. Inglés	160	1º	INGLÉS
MP0647. Xestión da documentación xurídica e empresarial	80	1º	GALEGO
MP0648. Recursos humanos e responsabilidade social-corporativa	80	1º	GALEGO
MP0649. Ofimática e proceso da información	240	1º	CASTELÁN
MP0650. Proceso integral da actividade comercial	133	1º	CASTELÁN
MP0651. Comunicación e atención á clientela	160	1º	CASTELÁN
MP1709. Itinerario persoal para a empregabilidade I	107	1º	GALEGO
MP0653. Xestión financeira	123	2º	GALEGO
MP0654. Contabilidade e fiscalidade	157	2º	CASTELÁN
MP0655. Xestión loxística e comercial	105	2º	GALEGO
MP0656. Simulación empresarial	140	2º	GALEGO
MP0652. Xestión de recursos humanos	107	2º	CASTELÁN
MP0657. Proxecto de administración e finanzas	26	Durante a FCT	GALEGO E CASTELÁN

Impártense, dun total de 1432 horas (excluído o módulo de Inglés, proxecto e FCT) en lingua galega 635 horas (44%) e en lingua castelán 797 horas (56%).

CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Módulo profesional	Horas	Curso	Lingua en que se imparte
MP0156. Inglés	160	1º	INGLÉS
MP0438. Operacións administrativas de compravenda	133	1º	GALEGO
MP0448. Operacións auxiliares de xestión da tesouraría	160	1º	GALEGO
MP0440. Tratamento informático da información	267	1º	CASTELÁN
MP0441. Técnica contable	133	1º	CASTELÁN
MP1709. Itinerario persoal para a empregabilidade I	107	1º	GALEGO
MP0443. Tratamento da documentación contable	105	2º	CASTELÁN
MP0442. Operacións administrativas de RR.HH.	123	2º	CASTELÁN
MP0437. Comunicación empresarial e atención á clientela	123	2º	CASTELÁN
MP0439. Empresa e Administración	123	2º	GALEGO
MP0446. Empresa na aula	156	2º	GALEGO

Impártense, dun total de 1432 horas (excluído o módulo e A FCT) en lingua galega 679 horas (47%) e en lingua castelán 751 horas (53%).

5. MEDIDAS DE REFORZO PARA ALUMNOS QUE PRESENTEN UN INSUFICIENTE DOMINIO DALGUNHA DAS LINGUAS

5.1 LINGUA GALEGA

Nesta materia o alumnado con dominio insuficiente da lingua ten a posibilidade de ir a reforzo unha hora á semana cun profesor específico da materia. Ademais trabállase con material acorde á situación e destreza de cada alumno. Por outro lado, temos varios alumnos procedentes doutras comunidades de fala española (Latinoamérica) e unha alumna procedente dun país europeo (Liechtenstein), que están exentos. En 1º ESO temos 2 exentos, en 2º ESO , 1 e en 3º ESO, un total de 5 exentos.

As medidas levadas a cabo no centro para mellorar o dominio e comprensión son as seguintes:

- Análise do estado sociolingüístico actual do centro, por medio de enquisas e análises dos resultados destas.
- Inventario de recursos cos que conta o EDLG, tanto humanos como materiais.
- Traducións e subministración de material lingüístico informático e ferramentas Web en galego
- Compra de distinto material bibliográfico, lingüístico e sociolingüístico de interese.
- Mantemento dun apartado específico para o Equipo Dinamización Lingüística dentro da páxina web do Instituto que se actualizará este curso escolar.
- Manterase contacto co Concello, os centros educativos da comarca e as asociacións culturais da zona, para colaborar en actividades e compartir experiencias na nosa lingua.

5.2 LINGUA CASTELÁ

- Traballarase de forma individualizada cos alumnos que necesiten apoio. O profesor de apoio axudará a reforzar as aprendizaxes básicas en Lingua Castelá.
- Adaptaranse os contidos e as actividades tendo en conta as súas necesidades individuais.

- Empregaranse diferentes materiais, como materiais audiovisuais, para que poidan aprender de maneira máis significativa.
- Realizaranse actividades de lectura individual, tanto en silencio coma en voz alta, e actividades de comprensión lectora.
- Realizaranse actividades de escritura para mellorar a expresión escrita.
- Realizaranse actividades de expresión oral para mellorar a comunicación.
- Avaliarase o progreso de alumno de forma continua para poder axustar as medidas de reforzo

5.3 LINGUA INGLESA

- Co propósito de determinar os seus coñecementos previos e nivel de competencia en inglés, todo o alumnado realizará unha proba de diagnóstico nas primeiras sesións do curso ou inmediatamente despois da súa incorporación ao centro. Unha lectura atenta dos resultados obtidos en dita proba, xunto cunha análise exhaustiva do seu desempeño durante a realización de distintas actividades e tarefas na aula, proporcionará ao profesorado información esencial sobre o nivel de partida de cada alumno/a e, en función dos resultados, poderá adoptar as medidas que sexan máis adecuadas a cada caso.
- No suposto de que o alumno presente un nivel lixeiramente inferior ao necesario para o curso no que estea matriculado, o profesorado lle facilitará material personalizado de reforzo daqueles contidos básicos ou imprescindibles de cursos anteriores que lle permita así poder progresar adecuadamente na materia do presente curso.
- Cando o alumno presente un desfase curricular considerable ou un total descoñecemento do idioma, o que non lle permitiría un progreso adecuado no seu grupo de referencia, será necesario elaborar unha adaptación curricular individualizada na materia, sempre seguindo as instrucións do Departamento de Orientación.
- En calquera caso, o profesorado poderá empregar a hora de libre disposición do centro destinada á materia de inglés ou as clases de desdobre con grupos reducidos, sempre e cando o curso conte con elas, a un traballo máis individual

e personalizado con cada alumno, adaptándose así aos seus coñecementos do idioma e necesidades. Así mesmo, o profesorado empregará a lingua inglesa nas súas relacións informais co alumnado nos recreos e corredores, fóra da actividade docente.

- Fomentarase ademais que estes alumnos participen de xeito activo nas actividades complementarias organizadas polo Departamento de Inglés, tales como concursos, charlas culturais, representacións teatrais, películas en versión orixinal subtitulada ou programas de inmersión lingüística.

5.4 LINGUA FRANCESA

- Libros de lectura adaptados, de acordo ao plan lector e tamén todos os que están á súa disposición na biblioteca, que axudarán a mellorar a comprensión lectora e ampliar o seu vocabulario.
- Visualización en clase de extractos de películas ou series en V.O., podendo continuar nas súas propias casas ao seu ritmo e con axuda dos subtítulos para desenvolver de maneira máis efectiva a comprensión oral.
- Traballo, tanto en clase como na súas casas, a través de páxinas web francófonas onde os alumnos poden adaptarse ao nivel que teñan no momento e ir progresando en función das súas capacidades. Algúns exemplos son: “apprendre.tv5monde.com”, “rfi.fr”, “leparisien.fr”.
- Gravación de recitado de poemas e gravación de vídeos onde se poden traballar todas as destrezas.

5.5 LATÍN E GREGO

Nestas materias o alumnado con dominio insuficiente de calquera das linguas oficiais do Estado terá a posibilidade de reforzar e ampliar o seu léxico a través da etimoloxía, así como de comprender e asociar o vocabulario dunhas e doutras linguas, contribuíndo a un mellor asentamento do mesmo.

- En concreto, para aquel alumnado que así o precise, traballarase de forma individualizada con apoio, axudando a reforzar as aprendizaxes básicas en todas as linguas vehiculares.

- Cando sexa preciso os contidos e actividades serán adaptados para atender as necesidades individuais dalgún alumno ou alumna.
- Tamén se empregará unha variedade de recursos e/ou materiais tales como presentacións, material audiovisual, cancións... na procura dunha aprendizaxe significativa.
- Traballarase a lectura detida e individual, tanto en silencio coma en voz alta, e tanto de textos explicativos sobre cuestións históricas e/ou de literatura, como lecturas en latín e grego deténdose nunha correcta pronuncia, que leve a unha mellor comprensión da lingua a estudar, así como as linguas propias do alumnado.
- Realizaranse actividades de expresión oral e escrita para mellorar a redacción e a capacidade de expresarse verbalmente en público.
- Avaliarase o progreso do alumnado de maneira continua para poder axustar as medidas de reforzo

6. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O Equipo de Dinamización Lingüística do centro desenvolverá ao longo de cada curso académico as seguintes actividades:

En colaboración co Equipo da Biblioteca do centro, púxose en marcha un programa de actividades denominado **De Rosalía ás Cantareiras** que terá lugar entre os meses de xaneiro e maio e que conta coa colaboración dos Departamentos Didácticos do IES. Sobre todo na materia de Lingua e literatura galega farase alusión a aqueles escritores que entran dentro deste período.

No **primeiro trimestre** realizaranse as seguintes actividades:

- Samaín (31 de outubro) celebraremos un pequeno concurso de temática relacionada, actividades diversas de teatro, lecturas de medo na biblioteca e magosto para todo o centro educativo.
- Día da ciencia en galego (4 novembro) levarase a cabo a través de actividades de fomento do galego no ámbito da tecnoloxía
- Día da violencia de xénero (25 novembro): faremos algunha charla e actividades onde se mostre o noso desacordo co maltrato.

No **segundo trimestre**:

- *Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia* (11 febreiro) (Biblioteca, Departamento de Bioloxía e de Física): Durante a 1ª quincena de febreiro realizaranse exposicións na Biblioteca e nos corredores do centro de figuras científicas relevantes de orixe galega; poderase elaborar unha xincana sobre os murais expostos.
- *Día de Rosalía* (23 de febreiro) (Departamento de Lingua galega): Durante a 2ª quincena de febreiro terán lugar un recital poético por parte do alumnado e aqueles que queiran participar nas actividades audiovisuais ofrecidas desde a EDLG. Gravaremos o alumnado e farase un vídeo con este recitado, logo

colgarémolo na páxina da biblioteca e do centro.

- *Día da Muller traballadora* (8 marzo) (Departamento de Historia e Filosofía)
Durante a 1ª quincena de marzo realizaranse exposicións e elaboracións dun traballo sobre as mulleres destacadas nos distintos ámbitos (en colaboración co Concello de Vimianzo)
- *-Día da narración oral* (20 marzo), *da poesía* (21 de marzo) e *do teatro* (27 de marzo) (Departamento de Lingua galega, Lingua Española, Francés, Inglés)
Durante a 2ª quincena de marzo realizaranse actividades onde se fomente o coñecemento sobre os diferentes xéneros literarios.

No terceiro trimestre:

- *Día do libro infantil e xuvenil* (2 de abril) e *Día do libro* (23 de abril) (Departamento de Lingua galega, Lingua Española, Francés, Inglés). Durante o mes de abril terá continuidade as actividades comezadas no segundo trimestre.
- *-Día do cómic* (1 de maio) (Biblioteca): En colaboración co Club de lectura de manga do IES, traballarase o mundo do cómic e traeremos a un debuxante para que vexan como se leva a cabo este traballo.
- *-Día das Letras Galegas* (17 de maio) (Departamento de Lingua Galega)
Durante a 2ª quincena de maio desenvolveranse actividades ao redor das Cantareiras, figuras relevantes homenaxeadas nas Letras Galegas 2025 (exposicións, recitais, xincana, etc.).
- Participación no Correlingua 2025 (maio)
- Participación na campaña Falemos+Galego II na que participamos xa o ano pasado con 15 centros da Costa da Morte e que se realizará en Muxía.

Outro eido de actuación será o fomento da utilización das TIC (Tecnoloxías da información e da comunicación) no noso idioma, para o que se desenvolverán ao longo

do curso as seguintes actividades:

- Elaboración de contidos para a páxina web relacionados coa nosa lingua e que pretendan dar a coñecer o labor desenvolvido polo noso EDLG.
- Actividades en colaboración co Departamento de Tecnoloxía do IES: Achegamento do alumnado da ESO aos recursos informáticos na nosa lingua.

1º da ESO (xogos, móbiles, reprodutores mp3, mp4 en galego...)

2º da ESO (blogs en galego)

3º e 4º da ESO (correctores, tradutores, paquetes informáticos en galego)

- Subscricións a distintas publicacións en galego para que sexan postas a disposición de toda a comunidade na biblioteca e testemuñen a existencia de publicacións exclusivamente en galego : *O Papagaio*

7. CRITERIOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO

A aprobación e avaliación do Documento nº2 do PEC, do que este PLC forma parte, corresponde ao Claustro. A avaliación do mesmo terá por obxectivo analizar o grao de cumprimento dos obxectivos así como detectar posibles áreas de mellora de cara á actualización do mesmo. Esta avaliación debe realizarse de forma periódica, cada catro anos.

Anualmente realizarase unha addenda do PLC que se recollerá na PXA do centro, onde haberá de establecerse a concreción lingüística curricular de cada curso.